

Tamén foron reclamadas beirarrúas en distintas estradas de titularidade autonómica

O Concello insta á Xunta á construción dunha rotonda en Montrove cedéndolle o solo necesario

Páxina 7



Concello de  Oleiros

XXXIV Feira do Mel, o 3 de novembro en Perillo

Páxina 18

Vivir en Oleiros

Número 80
Outubro 2024
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O investimento do Concello nesta obra foi de 3,5 millóns



Paseo fluvial Iñás-Nós: máis infraestrutura verde

De 4,1 km, esta nova senda suma 150.000 metros cadrados máis á infraestrutura verde pública do Concello de Oleiros. Un espazo dunha grande beleza natural que queda protexido medioambientalmente e que ofrece un itinerario excelente para camiñar, andar en bicicleta ou relacionarse.

Páxina 4

O Concello concede máis de 300.000 euros en subvencións a 54 entidades

O Concello aprobou a concesión das subvencións solicitadas polas distintas entidades, asociacións e clubs do municipio sen ánimo de lucro, atendendo ás normas de concorrência competitiva determinadas nas bases da convocatoria. As ANPA e os centros de ensino público reciben, practicamente, a metade dos cartos.

Páxina 11

Consolidación da malla urbana entre Perillo e Montrove con Icaria IV

Páxina 6

Acordo para a creación de beirarrúas na rúa Bartolomé de las Casas

Páxina 8

Contratación de 20 veciños en paro para un novo Obradoiro emprego

Páxina 16

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

A responsabilidade dun Goberno

A xestión eficiente dos recursos públicos sempre foi, e segue a ser, a principal premisa do noso Goberno. O maltrato sistemático que o Concello de Oleiros sofre das administracións superiores, agás da Deputación desde cando entramos no 2015, implica que recibamos menos fondos económicos dos que nos corresponden por poboación. É norma, salvo clamorosas excepcións e loitas encarnizadas, que non se atendan as nosas xustas reclamacións ou que se esgriman criterios subxectivos para apartarnos de todo tipo de plans, programas e subvencións.

Esas adversidades complican un traballo xa de por si difícil, para o que é preciso unha forte implicación, moita dedicación e

altas doses de imaxinación, para superar todo tipo de obstáculos. Unha carreira de fondo na que resulta fundamental o apoio co que sempre contamos de decenas de persoas que, preocupadas polo progreso do seu pobo, participan activamente na nosa acción política.

Ese traballo conxunto é o que permite que teñamos unha inmensa cantidade de servizos e equipamentos públicos, que aspiramos a seguir incrementando, pero que tamén temos a obriga de conservar e manter en óptimo estado. Porque nós non facemos política pensando só no hoxe, gobernamos co obxectivo de que todo canto construímos perdure durante décadas.

O mantemento dun modelo de benestar social como o que creamos en Oleiros sería insostible sen unha política fiscal eficiente. A presión que se exerce, como sabedes, tampouco é excesiva, pero si estamos convencidos de que o custo dos servizos hai que cubrilos coas taxas e impostos. Sempre de forma escalonada, supervisando que todos pague-mos e axudando, como non, a aquelas familias en dificultades.

Demostramos que sen dispoñer de axudas externas, cobrando menos que outros concellos, é posible ofrecer máis e mellores servizos. Aquí non hai eses despilfarros que outros teñen por norma noutras administracións, aquí hai xestión austera e eficaz.

O exercicio do Goberno, tal e como nós o entendemos, implica responsabilidade, á que nós nunca escapamos. Os cartos non caen do ceo e os servizos, se os queremos ter, teñen un custo. Somos conscientes que as economías familiares están ao límite, pero os incrementos introducidos nos tramos máis baixos son moi pequenos e no caso das rendas máis altas, coas subidas acordadas tampouco vai quebrar ningunha economía.

A defensa do público demóstrase con feitos. Queremos servizos e de calidade, e por tanto debemos financeiros. Todo o demais é pura demagogia ou un alegato encuberto á eliminación do modelo de benestar social de Oleiros.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

O alcalde utiliza para os seus intereses os medios municipais que deberían estar ao servizo de todos os oleirenses

Un dos riscos implícitos a que unha persoa leve 40 anos como alcalde é que acabe créndose que os medios públicos sexan da súa propiedade e que se tome a liberdade de utilizalos como vehículo de expresión da súa propia ideoloxía. Desde o grupo municipal do Partido Popular vimos demandando desde hai anos o exercicio da pluralidade e a transparencia desde os medios públicos que deberían estar ao servizo de todos os oleirenses.

A lista de exemplos é numerosa e só hai que botar unha ollada ao

rueiro e fixarse na “cor política” da maior parte de personaxes a quen se dedica rúas, prazas e parques por todo o concello e a quen se lles nega tal dereito. Por se fose pouco o orzamento do concello destinado ao autobombo do alcalde a través de pseudo-entrevistas con preguntas pactadas en diversos medios de comunicación da comarca, a falta de pluralidade resulta especialmente sanguenta en Radio Oleiros, unha emisora de carácter municipal que desgraciadamente tamén está ao servizo da propaganda de García

Seoane, negando aos veciños o privilexio que supón dispoñer dun medio tan útil e que tería que estar orientado ao servizo do interese público.

Mención á parte merecen as rotondas-mausoleo, como a do Ché Guevara, que segue indignando a diario a quen non nos afacemos a renderlle publicamente homenaxe co diñeiro dos oleirenses, ou os paneis informativos de información pública que o alcalde se empeña en utilizar sistematicamente para proferir soflamas contra todo aquel que non pense como el. Así, das mensaxes recentes

en contra de Ucraína ante a invasión do seu territorio por parte de Rusia, engádense os ataques recorrentes a Israel... Nos últimos días parece que volveu a acordarse de Estados Unidos e do bloqueio ao réxime cubano...

Desde o grupo municipal do Partido Popular seguiremos denunciando o uso partidista e sectario que realiza o alcalde dos medios públicos do concello porque estamos convencidos que outro Oleiros é posible e que os veciños de Oleiros merecémonolo.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

A xestión municipal: ineficiencia, despilfarro e aumento da presión fiscal

O concello perdeu no 2023 subvencións por 2,6 millóns € na Senda de Iñás a Nós e no Mercado de Perillo por ter un “0” en calidade. Comezou 2024 cun Tribunal que lles anulou a adxudicación do contrato de Limpeza Viaria, de 4,5 millóns € por “eivas graves na adxudicación e falla de transparencia”. Seguiu co subrecusto de 2 millóns € no Multiusos por un problema de auga que xa coñecían. E falando de auga, boa parte da rede é de fibrocemento, material con amianto que é cancerixeno, e ten decenas de anos. Cada rotura supón a entrada

na rede de contaminantes que bebemos nós e os nosos fillos e fillas. Non é unha prioridade renova-la porque non se ve e non da votos, e prefiren malgastar 14 000 000 € nun Multiusos. É o seu capricho e nós os que pagamos a factura da festa.

Lembremos que no 2023 xa subiron varias taxas e agora anuncian nova suba para o 2025. Mentres o alcalde pasea nun BMW oficial sube o imposto aos vehículos dos veciños. Un despilfarro de 40.000 €/ano entre chofer e coche, 600.000 € nos 15 anos do

vehículo. A suba de impostos tamén vai para pagar ás dedicacións exclusivas dos 13 concelleiros e dos 7 asesores contratados a dedo, outros 800.000 €/ano, 2 de cada 100 € do orzamento son para pagarlles.

Os pagos dos contratos máis caros, Limpeza Viaria e Parques e Xardíns tiveron no 2024 reparos do Interventor por non estar acordes á lei. Deixan sen atención a nenos que precisan Atención Temperá e tamén néganlle a beca comedor a 350 familias de clase media, pero pónense tras da pancarta pedíndolle á Xunta

máis medios para a inclusión en educación. En vez de subir impostos no 2025 deberían racionalizar o gasto: se eliminasen coche oficial, 7 asesores e dedicacións da metade dos concelleiros e que o alcalde cobrase da Deputación e non do Concello aforrarián máis de 500.000 €/ano, suficientes para non aumentar impostos. Pero seguirán dicindo que todo é idílico en programas de radio que tamén pagamos nós para que o Sr. Alcalde solte as súas *fake news* ao máis puro e caduco estilo Trump.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Bicis en Oleiros, por que non?

As bicicletas, habelas, hainas. Faltan carrís bicis acondicionados e ben sinalizados, falta a promoción, faltan servizos de alugueiro, falta información... A bicicleta é tamén una parte

importante da solución ao grave problema de mobilidade no noso concello. Fainos a túa proposta ou a túa queixa e traballaremos para facelo posible.

EDITORIAL

• Un problema de Estado

A actual situación de bonanza económica e de paz social que se respira no noso país está comezando a empañarse. España está inmersa nun grave problema, especialmente acuciante nas grandes cidades, que converte en case imposible comprar ou alugar unha vivenda para unha familia cuns ingresos medios. Os prezos subiron nos últimos anos a un ritmo moi superior aos dos salarios, creando unha fenda insalvable para adquirir unha casa.

As políticas do Goberno central e das comunidades autónomas, máis propagandísticas que prácticas, o único que lograron foi o fin contrario ao que supostamente perseguían. Cada cambio lexislativo, cada decreto, cada bono... traduciuse nunha alza dos prezos.

Á marxe do forte incremento dos materiais de construción derivados dos vaivenes internacionais, o certo é que segue sen metérselle man aos fondos de inversión para os que o termo buitre queda moi curto. Concentran a propiedade de cada vez máis vivendas, o que lles permite manexar o mercado ao seu antollo, practicando un xogo macabro para satisfacer unha ambición económica desmedida.

Tampouco é comprensible a falta de regulación das vivendas turísticas, que están a eliminar a práctica totalidade do aluguer residencial tradicional en toda España. Xerando un segundo problema non menos importante que é o da degradación da convivencia en vilas e cidades, invadidas por un turismo masivo e irrespectuoso que achega escasos beneficios económicos.

Urxen por tanto leis efectivas e plans executivos tanto do Estado como das comunidades autónomas, que son as que teñen as competencias directas en materia de vivenda. A construción de vivendas públicas a uns prezos asumibles para as familias traballadoras debería ser unha prioridade

nacional. E en paralelo adoptar outras medidas como as subvencións, inexistentes neste momento, para promotores ou cooperativas que constrúan vivendas protexidas. É o caso das cooperativas que acaba de promover o Concello para as que a Xunta non outorga ningún tipo de axuda económica para facilitar as adquisicións, simplemente fixa os prezos de venda e é o Concello, sen competencias, o que realmente se implica ofrecendo o solo a un prezo inferior ao de mercado.

É que non se debe esquecer tampouco que sen solo non pode haber vivendas, e aí os Concellos teñen tamén a responsabilidade de planificar o territorio e desenvolvelo. Con orde e sutentablemente, sen grandes torres nin desarrollismo devastadores que amporen a especulación, posibilitando así a creación de novos espazos agradables para residir nos que a comunidade autónoma poida construír vivendas sociais.

Esta situación, que varre toda España polos catro costados, tamén se fai notar na comarca da Coruña. Os prezos de venda e aluguer na cidade, dos máis altos do Estado, provoca un efecto arrastre no conxunto dos concellos limítrofes. Oleiros, dunha calidade de servizos públicos superior aos demais municipios, tamén rexistra prezos elevados, aínda que comparando vivendas de similares características os prezos son semellantes a outras localidades da área metropolitana, nas que a calidade de vida é notablemente inferior.

É por tanto urxente e necesario un pacto de Estado sobre vivenda. Un gran acordo que permita poñer fin a unha situación que golpea especialmente á xuventude e ás familias máis humildes. Medidas valentes para desenvolver outro modelo inmobiliario e saír do actual colapso. Do contrario, España pode deixar de ser ese país amable no que todos e todas temos cabida para converterse nun territorio inhóspito ao servizo do gran capital.

Oleiros, un concello distinto



O Paseo dos encantos

Senda fluvial Iñás-Nos

A cidadanía de Oleiros dispón desde finais do mes xullo dun novo espazo público verde de 150.000 metros cadrados co novo paseo fluvial de 4,1 km que atravesa as localidades de Iñás e Nós.



Esta senda constitúe un itinerario alternativo á N6 para moverse con seguridade, a pé ou en bicicleta, entre os distintos núcleos urbanos de Nós e Iñás, así como para acceder a importantes zonas comerciais. Coas obras creáronse 99 novas prazas de aparcamento para turismos, 8 de autocaravanas e 4 para autobuses.

Tamén destaca como magnífico escenario para a convivencia e a vida activa na natureza. O paseo tamén ten un valor paisaxístico innegable, que reforza o encanto dos lugares e urbanizacións que atravesa.



A saúde pública tamén se promove creando este tipo de espazos para combater o sedentarismo

Este proxecto comezou anos atrás coa adquisición de 111.348 metros cadrados de zonas verdes e bosques nas inmediacións do río (Arenaza, Bosque Natural de Iñás, Mesón da Auga e Bosque do Vilar). Máis recentemente expropiáronse 65 fincas, que suman 38.027 metros cadrados.

Malia tratarse dunha obra que reúne todos os requisitos medioambientais e de mobilidade para ser subvencionada por Xunta e Estado, o Concello de Oleiros non recibiu nin un só euro para esta importante actuación que custou 3,5 millóns. O interese político por obstaculizar ao Goberno municipal de Oleiros primou sobre o dereito da cidadanía a dispoñer deste espazo público.

PROMOCIÓN DE VIVENDAS PROTEXIDAS

Constituídas as cooperativas ▼

■ O próximo verán comezará a construción de 145 pisos para veciños e veciñas de Oleiros en Perillo, Xaz e Mera. As 1.879 persoas que amosaron o seu interese nesta iniciativa do Concello están a ser chamadas para propoñerlles a adquisición dalgunha destas vivendas.

■ Edifícios Xaz



■ Edificio Perillo



■ Edificio Mera



No mes de xullo celebráronse dúas asembleas informativas ás que foron convocadas todas as persoas inscritas na web municipal.

No caso dos veciños e veciñas interesados en formar parte das cooperativas que non se apuntasen no prazo establecido, poden dirixirse á empresa Gestogar (604 050 000 e info@gestogar.com) para que, en caso de que quede algún piso sen adxudicar, poidan optar á súa compra.

◆ O importe de venda máximo destes pisos, oscila arredor dos 209.000 euros, en función dos metros cadrados de cada vivenda. O prezo está establecido pola política da Xunta de Galicia, aínda que podería ser inferior en función dos materiais que elixan os cooperativistas e a evolución da obra.

O acceso á vivenda é neste momento o principal problema de España, ante o que nin Xunta nin Estado están a actuar de forma efectiva. Non hai practicamente construción de vivendas sociais por parte da administración central ou autonómica e tampouco existe ningún tipo de axuda para que promotores privados constrúan vivendas protexidas.

O Concello, malia non ter competencias neste ámbito, optou por promover a creación de cooperativas de vivendas por ser neste momento a única fórmula posible para que veciños e veciñas de Oleiros poidan optar á adquisición de vivendas a prezos inferiores aos de mercado. Estes pisos custan entre 100.000 e 200.000 euros menos que outros pisos novos de similares características.

De non haber cambios lexislativos próximos, o Concello sacará á venda máis solo de propiedade municipal, adquirido gratuitamente a través da xestión urbanística, para crear máis vivendas mediante este sistema.

.....
As parcelas nas que se ubicarán os edificios eran propiedade do Concello e foron vendidas en concurso público a prezos inferiores aos de mercado coa condición de que se contrúisen vivendas protexidas
.....

.....
As cooperativas de Xaz e Perillo xa están constituídas. A de Mera, en trámite, tamén se formalizará nos vindeiros días
.....



Icaria 4 consolida a malla urbana entre Perillo e Montrove


■ *Incrementátese en 28.000 metros os espazos públicos, practicamente a metade do ámbito do desenvolvemento*



◆ Está ultimándose a cuarta fase da urbanización Icaria, que dará continuidade ás rúas Diana, Juno, Ícaro, Apolo, Riveiro, Merlo, entre outras; e que abre a actual Icaria á trama urbana de Perillo, superando o tapón que supuña ese polígono sen urbanizar para moitas rúas que non tiñan saída.

En total este novo desenvolvemento que prolonga a actual urbanización abrangue unha área de 65.270 metros, dos que máis de 28.000 pasarán a ser públicos entre viais, parcelas para equipamentos e zonas verdes, que se ubicarán onde xa existe arborado. Tamén haberá solo para a construción de vivendas unifamiliares, pisos e locais comerciais. En todos os casos, a nova fase de Icaria respectará a fisonomía das anteriores para lograr un acabado común a toda esta zona que tras a reforma do cruce de Sol y Mar ten mellor conexión peonil co paseo marítimo.

Esta nova infraestrutura viaria conecta tres das máis importantes vías de Perillo: a rúa Areal, a avenida das Mariñas e a de Rosalía de Castro, co que se gaña unha importante permeabilidade e supón unha ampla extensión do espazo urbano de Perillo e Montrove.



Outras obras en Icaria ▼

◆ A rúa Ícaro verá melloradas as súas beirarrúas e o aspecto xeral da súa urbanización. Ademais de mellorar a recollida de augas pluviais, será construída unha nova zona de estacionamento nun espazo baldío de formigón, ao lado da Demarcación de Estradas e mellorarase a sinalización viaria das rúas Sendeiro, Zeus, Eolo, Pegaso, Atenea, Poseidón e o ramal das Mariñas que comunica a N-VI con Tráfico.

O alcalde demanda á Xunta mellorar os viais da súa competencia

▪ Rotonda en Montrove e beirarrúas en estradas principais



◆ Tres obras de máxima importancia para a seguridade viaria doutros tantos puntos do Concello e a lembranza doutras catro carencias viarias foron solicitadas á conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, Marta Martínez Allegue, con quen se reuniu o alcalde, Ángel García Seoane, e o concelleiro de obras públicas, Antonio Molinos.

Trátase de diversas beirarrúas ou beiravías peonís en Dorneda, Serantes e Nós. Unha é a mellora da comunicación peonil na rúa Manuel Pardo de Andrade, entre Arillo e Os Galgos, ata o acceso á Vía Ártabra. Outra é a conexión entre a igrexa de Serantes e O Cubo, para unir co andén existente. Solicitouse tamén a beirarrúa para a avenida Salvador Allende, entre o Pazo da Carballeira e o cruce coa Rúa Regueiro Escuro. Ademais, demandouse un proxecto para a creación de beirarrúas na avenida Isaac Díaz Pardo, desde Coruxo ata Os Regos.

Outra obra de grande trascendencia é a creación dunha rotonda diante da Casa do pobo de Montrove, un cruce central neste núcleo urbano para mellorar a calidade da circulación e a tranquilidade da zona. O Concello está en disposición de entregarlle á Xunta o solo necesario para que poida realizar a obra.

Na comunicación peonil nas estradas de titularidade autonómica debe actuar a Xunta, polo que periodicamente se trasladan a ese departamento as solicitudes destes ensanchamentos das vías públicas para dotalas de espazos peonís ou ciclo peonís. Moitos dos treitos de vías autonómicas en Oleiros xa teñen estes servizos, que foron creados polo Concello ante a inacción da Xunta, e que resultan máis urxentes canto máis poboada é a zona.

O Concello denuncia a Telefónica ante a Fiscalía polo abandono dos postes na rúa Bouza ▼



◆ A situación na que Telefónica ten o tendido da rúa Bouza, en Dorneda, é esperpéntica.

A inacción da empresa nesta rúa durante os últimos anos está a causar un grave problema de seguridade, dificultando o acceso ás vivendas e impedindo a unha familia a construción dunha vivenda nunha parcela sobre a que hai tirado un poste.

Ante esta situación, e o total desprezo á cidadanía co que está a actuar Telefónica, o Concello denunciou a situación ante a Fiscalía para que se lle requira xudicialmente á empresa de telecomunicacións a resolución inmediata deste problema. Non se pode tolerar que unha empresa privada que presta un servizo tan importante e básico se comporte de xeito tan irresponsable e asoballador.

Reclámase á Deputación beirarrúas entre Oleiros e Iñás ▼

◆ Ante o notable incremento do tráfico orixinado pola actividade comercial do polígono de Iñás, urxe ampliar a calzada da estrada Oleiros-Iñás e dotala de beirarrúas na marxe esquerda. O alcalde e deputado provincial reclamará a obra á Deputación para comunicar a capital municipal e o alto de Iñás non só co polígono comercial senón tamén co paseo fluvial do río de San Pedro.



Melloras no espazo público de Caavamontes ►

◆ O Concello está a rematar o proxecto para a remodelación do espazo público nas rúas Nelson Mandela, Etiopía, Somalia, Zaire, na zona do mercado e o centro de saúde de Perillo. As primeiras accións, que se materializarán a principios do ano próximo, consistirán en arranxar diversos pasos peonís elevados que se atopan en mal estado.

Posteriormente serán renovadas as beirarrúas e as zonas de máis alta demanda peonil como o mercado, o centro de saúde ou Correos, accións que se levarán adiante en distintos proxectos coordinados para mellorar a zona no seu conxunto.



da Paz no 1994. As constantes conquistas de Israel co apoio europeo e estadounidense e a inoperancia da ONU deron ao traste co seu soño de normalizar a vida en paz dese lugar do mundo no que hai máis de 2.000 anos fraguáronse as lendas cristiás, que chegan ata nós co actual xenocidio en Gaza.

Próxima apertura da nova rúa Yasser Arafat, en Santa Cruz ◀

◆ Están a finalizar as obras de creación da nova rúa que conectará a rúa do Souto coa avenida Concepción Arenal. O Goberno municipal decidiu outorgarlle o nome do lendario líder palestino Yasser Arafat en mostra de apoio e solidariedade do pobo de Oleiros co pobo palestino, ante o cruel xenocidio que está a sufrir polo Goberno terrorista de Israel.

Arafat foi un home de paz, artífice dos denominados acordos de Oslo para a resolución do conflito, recoñecido co premio Nobel

Construiranse beirarrúas en Bartolomé de las Casas



◆ Atendendo as demandas veciñais, o Concello celebrou unha asemblea informativa cos veciños e veciñas da rúa Bartolomé de la Casas, en Nós, para informar do proxecto de construción de beirarrúas e explicar a necesidade da colaboración veciñal mediante a cesión de solo para poder facer a obra.

Ante a boa disposición do conxunto dos veciños e veciñas, que igual que noutras localidades entregarán gratuitamente o terreo preciso, procederase á realización desta obra durante o vindeiro ano 2025, no tramo de 1,5 km que vai desde a rotonda da Seara ata a rúa Armental.

Vaise mellorar a seguridade vial, calmar o tráfico e facer posible que as persoas circulen con seguridade camiñando, así como realizar diversas obras de condución de pluviais. Nalgúns treitos, a beirarrúa será convencional; noutros terá un pequeno espazo verde que a separará da calzada, e noutros, únese á estrada unha banda de aparcamento. En todos os lugares onde sexa posible incluíranse árbores.

Asfaltados en Iñás ▼

◆ Restaurar o principal eixe viario interior de Iñás, mellorando a súa operatividade é o que busca a intervención das rúas da Vila, As Atochas e o Campo do Souto: unha obra que ronda o medio millón de euros e que dará servizo ao acceso da Casa do Pobo.

Ademais da pavimentación, arranxarase o sistema de escorrentías e sumidoiros para conseguir unha maior calidade nun vreiro que comunica Espoz y Mina co límite municipal; en concreto coa zona onde a Xunta retomarará a prolongación da Vía Ártabra ata a AP-9.

Reurbanización das rúas Álamos e Os Sauces ▼

◆ O Concello abordará a reurbanización das rúas Álamos e Os Sauces, entre a urbanización O Paraíso e a avenida das Mariñas (N-VI). Principalmente, as obras consistirán na renovación do pavimento, reordenación dos espazos de aparcamento e construción de beirarrúas e pasos peonís, para ofrecer un acabado máis urbano e útil. Esta actuación vai incluída nos orzamentos municipais do 2025.

Chan das Viñas pasa a dirección única cara Che Guevara ►

◆ A rúa Chan das Viñas, que une o parque das Trece Rosas coa avenida de Che Guevara pola zona do Inef, pasará a ter dirección única desde o parque cara a avenida. Ante o incremento de circulación polo forte atractivo do parque, resulta necesario adoptar esta medida para mellorar así a seguridade viaria.

O Concello renovará a rede xeral de auga en Montrove e Nós ►

■ *O investimento será de 850.000 euros*

◆ Para garantir a calidade do servizo de abastecemento de auga, o Concello está en continuo proceso de renovación das tuberías xerais que conducen a auga ata os domicilios. As próximas actuacións, que comezarán nas próximas semanas, realizaranse nas avenidas Rosalía de Castro e Salvador Allende. En ambos casos producíanse roturas das tuberías con relativa frecuencia, o que obriga a renovar as canalizacións para acabar con esas situacións tan incómodas para a veciñanza.

En marcha a restauración do talud que sustenta a pasarela que conecta Santa Cruz co Parque das Trece Rosas ▼



◆ Un muro de contención de altura variable servirá para estabilizar o cantil que protexe a pasarela de madeira que une os paseos de Santa Cruz e As Galeras, dentro do itinerario peonil da Costa Libre de Oleiros. A obra, que debería facer a dirección xeral de Costas do Estado, está a acometela o Concello con carácter de urxencia, debido os grandes perxuícios que suporía para os centos de persoas que a diario transitan pola senda que volvesen producirse novos derrubametros, como aconteceu hai uns meses.

A actuación de urxencia responde ao elevado risco de accidente e á necesidade de frear o deterioro da zona peonil. Tamén urxente sería rexenerar a praia para que o deterioro do porto non fose a máis, pero Costas continúa xorda ante as demandas municipais de abordar tan importante asunto da súa competencia. Desde o Concello será constantemente reclamada esa importante obra pública.

Ampliación de espazos no Pazo de Arenaza ►

◆ O Pazo de Arenaza atópase cedido polo Concello á Deputación para albergar un centro de traballo compartido. Ante o éxito que ten, para poder incorporar máis persoas emprendedoras, o Concello demandou á Deputación o investimento de 300.000 euros para incrementar os actuais espazos restaurando as antigas caballerizas, actualmente en desuso. O alcalde e deputado provincial acadou o compromiso da Deputación para que sexa o organismo provincial o que execute a obra.



Iluminación da estrada da Besta ▼

◆ Un total de 36 puntos de luz servirán para iluminar a rúa Curros Enríquez, en Maianca, entre a Xentiña e a rotonda da vía Ártabra. Esta estrada, que foi dotada ultimamente dun espazo ciclopeonil, precisa este novo servizo debido á súa cada vez máis frecuente utilización por persoas que camiñan, e especialmente para aumentar a súa seguridade. A intervención custa arredor de 100.000 euros.

A mobilización das ANPA obriga á Xunta a incorporar o profesorado recortado ▼

◆ Tras semanas de reivindicacións e protestas do conxunto da comunidade educativa, a Xunta de Galicia rectificou a súa postura e incorporou o profesorado de apoio recortado nos colexios Juana de Vega e Rabadeira. Unha noticia positiva coa que se dá cumprimento á lei de atención á diversidade, que estaba a infrinxirse por parte da Consellería de Educación desde o inicio de curso.

O profesorado de apoio é un dereito básico dos nenos e nenas. Non se trata de mestres calquera, senón daqueles que dan apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, mestres que ademais permiten que o conxunto do profesorado poida traballar axeitadamente.

APOIO UNÁNIME

A xusta reivindicación das ANPA, que simplemente demandaban que se cumprise a normativa, contou co apoio de todas as direccións dos colexios públicos de Oleiros agás a dirección do CEIP Isidro Parga Pondal de Santa Cruz.



Renovación completa da biblioteca do colexio Valle Inclán ▼



◆ O alumnado do CEIP Valle Inclán xa dispón da nova biblioteca do centro escolar. Para a súa remodelación, o Concello contribuíu coa realización de distintas obras.

Coa mellora deste espazo a dirección do centro pretende continuar fomentando a lectura entre as e os escolares e darlle un impulso ao traballo que realiza o profesorado nese sentido.



Melloras no colexio de Canide ▼



◆ O patio frontal e a pista deportiva do colexio Luis Seoane de Canide foron renovadas para prestar un mellor servizo, ante o deterioro que presentaban. A instancias da comunidade educativa, o Concello púxose mans á obra para mellorar tanto un espazo como o outro.

Foi renovado por completo o pavimento do patio frontal e a pista deportiva anexa ao pavillón, coa finalidade de garantir unha axeitada adherencia. Tamén se acometeron melloras de xardinería no campo de xogo e fabricouse mobiliario para o patio de infantil.

Máis de 300.000 euros para subvencionar ás entidades ▼

Centros de ensino público: 79.370,00 euros

ENTIDADE	Subvención
■ CEIP Isidro Parga Pondal:	9.880,00
■ CEIP Rabadeira:	9.380,00
■ CEIP Valle-Inclán:	10.720,00
■ CEIP Luis Seoane:	8.740,00
■ CEIP Juana de Vega:	9.440,00
■ IES Maria Casares:	11.660,00
■ IES Miraflores:	11.020,00
■ IES Neira Vilas:	8.530,00



Anpas: 56.849,99 euros

ENTIDADE	Subvención
■ ANPA Bidueiro:	15.736,25
■ ANPA Colexio Público de Mera (Luís Seoane):	9.199,66
■ ANPA Colexio Público Valle Inclán:	15.534,83
■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores:	3.195,67
■ ANPA Arce do IES Xosé Neira Vilas:	5.339,67
■ ANPA CEIP de Nós:	3.583,02
■ ANPA Ensino CEIP Rabadeira de Oleiros	4.260,89

Entidades veciñais e culturais: 48.397,14 euros

ENTIDADE	Subvención
■ A.V.V. A Ría:	3.939,25
■ A.V.V. Os Rueiros:	4.176,91
■ A.V.V. San Antón:	3.876,39
■ A.V.V. Santaia:	4.486,80
■ A.V.V. San Cosme:	4.023,07
■ Centro Cultural e Instructivo	1.088,48
■ S.C.R. Amigos de Lorbé	3.642,04
■ A.C. Coral Lembranzas de Santa Cruz:	2.449,35
■ A.C. O Amanexo:	2.927,42
■ Coral Airiños de Nós:	2.710,17
■ Coral Polifónica de Mera:	2.788,47
■ Asociación Ocio Inclusivo Oleiros	2.302,13
■ Coro de Oleiros:	2.871,73
■ A.A.C. Semente Nova:	1.590,00
■ Asociación Mulleres Rurais A Cabana:	300,00
■ Aspadisol:	2.224,93
■ Asociación Cultural Cofradía de Santa Ana de Mera:	3.000,00

◆ Aprobouse a concesión das subvencións solicitadas polas distintas entidades, asociacións e clubs do municipio sen ánimo de lucro para continuar fomentando o ensino público de calidade, a cultura, o deporte e a vida social no municipio. Ademais destes axudas económicas, o Concello pon á disposición das entidades infraestruturas, equipamentos e recursos humanos de maneira gratuíta.

Entidades deportivas: 78.945,21 euros

ENTIDADE	Subvención
■ Club Baloncesto Oleiros:	1.945,78
■ Club Balonmano Atlántico:	5.483,48
■ Club de Regatas Perillo:	26.626,68*
■ Club de Tenis A Coruña:	5.089,69
■ Club Deportivo Paddle de Mera	3.131,93
■ Club Hóckey Oleiros:	6.681,62
■ Club Natación Oleiros:	1.985,71
■ Club de Tenis de Mesa Breogán Oleiros:	2.726,16
■ Club Voleibol Oleiros:	6.407,64
■ Club Ximnasia Rítmica e Estética:	10.742,32
■ Sociedad Cultural e Deportiva Rabadeira:	5.163,98
■ Centro Deportivo Mariñeiro de Mera:	2.960,22

*Incluídas subvencións para investimentos e regatas



Clubs de fútbol: 42.589,30 euros

ENTIDADE	Subvención
■ A.D. Cristo Rey:	5.961,30
■ Club Deportivo Obrero de Oleiros:	3.249,00
■ Marino de Mera C.F.:	6.042,00
■ Club Atlético San Pedro:	7.000,00
■ Hércules S.D.:	1.680,00
■ Unión Campestre F.C.:	6.300,00
■ Club de Fútbol Santa Cruz:	6.300,00
■ Mercurio de Iñas S.D.:	1.600,00
■ Club Atlético de Perillo:	2.500,00
■ Club Xuventude de Dorneda:	1.957,00



O altruísta e xeneroso traballo das persoas que forman as entidades é o motor social de Oleiros

Actualización de taxas e impostos

◆ O pleno municipal aprobou a modificación de diversas ordenanzas fiscais que levaban sen actualizarse entre 9 e 21 anos. Durante ese tempo produciuse un elevadísimo incremento de prezos, que igual que afecta ás economías familiares, tamén pon en perigo a estabilidade orzamentaria do Concello. Por responsabilidade, para poder manter a calidade dos servizos e para evitar problemas financeiros futuros é imprescindible realizar a revisión aprobada, que queda moi por debaixo dos incrementos do IPC durante todos estes anos.

Os ingresos recadados por estas vías destínanse ao mantemento da infraestrutura pública e aos gastos correntes do Concello, non a novas obras públicas. É o caso do coidado de parques e xardíns, a limpeza viaria, os servizos sociais, culturais, deportivos e educativos, a seguridade cidadá, o conxunto do persoal municipal, a factura da luz, o combustible...



Ademais de manter todas as bonificacións, o Concello de Oleiros seguirá a axudar a todas aquelas familias en graves dificultades económicas.

Con estes cartos non se financia o auditorio de Bastiagueiro, que se costea principalmente con recursos procedentes da venda de solo obtido gratuitamente polo Concello a través da xestión urbanística.

AUGA ▼

A última actualización do recibo da auga foi no 2012. Desde entón o incremento do IPC foi de 23,80%. A iso hai que engadirlle que Emalcsa, a empresa que subministra auga a Oleiros, incrementou no mes de xullo nun 3,52 % o que lle cobra ao Concello de Oleiros pola auga.

Para dar cumprimento coa lexislación estatal que determina que os servizos teñen que ser autosuficientes financeiramente, neste momento é necesario incrementar o importe do recibo para non orixinar un déficit económico no servizo.

A suba aprobada polo pleno municipal é progresiva e modifica os tramos de facturación existentes ata o de agora, de forma que se incentiva un consumo responsable aplicando unha maior taxa impositiva canto maior é o consumo. Tamén se establece como novidade unha tarifa de dispoñibilidade, pensando nas vivendas desocupadas e segundas residencias que se benefician da rede e a teñen á súa disposición pero que na práctica contribúan en menor medida que os veciños e veciñas empadroados no municipio.

Cabe destacar que Concello de Oleiros ten unha extensa rede de tubaxes de auga de máis de 300 km, con 12 depósitos e bombeos. Este é o servizo público máis importante de todos cantos se prestan e require dun mantemento continuo e duns tempos de resposta ante avarías o máis reducidos posibles, entre outras cousas.

Oleiros era o municipio da comarca co recibo da auga máis barato. Co incremento equipárase aos demais concellos.

Tarifa doméstica da auga								
Comparativa de Concellos. €/m3 ao trimestre								
Exemplos m3	Oleiros		Arteixo	Cambre	Culleredo	A Coruña	Bergondo	Sada
	Nova	Antiga						
5	15	12,01	12,18	12	11,25	18,22	17,35	24,27
30	20,40	13,34	17,95	12	17,50	24,38	25,10	24,27
80	62,50	45,39	58,23	40,50	63	44,44	74,60	53,95
130	117,50	90,56	118,75	89,80	121	72,72	139,10	83,62



O 44% dos recibos están no primeiro tramo, no que o incremento será de 1 euro ao mes.

No caso de empresas, comercios, autónomos e hostalería tamén se establece unha cuota de dispoñibilidade de 15 euros e unha facturación por tramos exponencial, a máis consumo maior carga impositiva. Agás os grandes consumidores de auga, o 78% dos industriais do Concello atópanse nos primeiros tramos e o incremento que van ter que afrontar será de entre 40 céntimos e 6 euros ao mes.

IBI ▼

O imposto sobre bens inmobles de natureza urbana está sen modificar desde o 2012. Co acordo tomado polo pleno pasará do 0,605% ao 0,6655%. O importe de cada recibo vén determinado por ese tipo impositivo e polo valor catastral, que está

sen revisar desde o ano 1998 porque naquel momento impuxéraselle ao Concello de Oleiros unha subida esaxerada. Con posterioridade, o Ministerio de Facenda intentou en varias ocasións novas subas, que foron freadas polo Goberno municipal

por considerar que o “catastrazo” do 98 aínda ofrecía e ofrece valores axeitados.

Coa modificación deste imposto, o Concello pasará a incrementar a recadación anual por esta vía de 7,6 millóns a 8,4 millóns.

ICIO ▼

A última modificación do Imposto sobre construción, instalación e obras foi no 2003. Dado o forte atractivo que ten Oleiros pola súa elevada calidade de servizos son moitas as familias que deciden asentarse a súa vida no municipio e construír a súa vivenda. Para poder manter esa calidade de servizos, o pleno municipal aprobou

un aumento do 0,5%, poñendo o tipo de gravamen nun 3,5%, que afectará a todas as obras que realicen.

O Concello de Oleiros tiña, xunto co de Cambre, o tipo impositivo máis baixo dos principais municipios da comarca, igualándose agora con Culleredo e Arteixo.



■ CAMBRE	3%
■ OLEIROS	3,50%
■ CULLEREDO	3,50 %
■ ARTEIXO	3,50%
■ A CORUÑA	4%

Nesta modificación da ordenanza incluíuse unha nova bonificación do 50% para a construción de vivendas de protección, para facilitar a súa creación.

RODAXE ▼

Malia terse actualizado hai 9 anos, é o máis barato de toda a comarca da Coruña. Coa proposta de suba, Oleiros se igualaría con Arteixo, e seguiría a ter un imposto máis baixo que Cambre, Culleredo e Coruña.

	OLEIROS 2024	A CORUÑA	ARTEIXO	CAMBRE	CULLEREDO	OLEIROS 2025
Menos de 8 CVF	16,85 €	18,95 €	19,34 €	22,06 €	22,50 €	19,38 €
De 8 a 11 CVF	45,50 €	60,80 €	52,23 €	59,57 €	60,80 €	52,33 €
De 12 a 15,99 CVF	96,05 €	128,35 €	110,25 €	125,75 €	128,30 €	110,46 €
De 16 a 19,99 CVF	119,60 €	179,20 €	137,33 €	156,64 €	159,85 €	137,54 €
De máis de 20 CVF	209,50 €	224 €	171,64 €	195,78 €	199,80 €	224 €

A suba é menor no caso dos vehículos de maior potencia dado que a lei establece un máximo, do que o Concello de Oleiros estaba xa bastante preto.

TAXAS ▼

Tamén foron actualizadas polo pleno as taxas reguladoras por expedición de documentos administrativos; licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer; licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicación previas; servizos especiais, de extinción de incendios, emerxencias e outros análogos; cemiterio municipal; e prestación de servizos urbanísticos. Neste caso o incremento en todos os casos é do 2% e vén derivado do incremento de retribucións do persoal estipulado polo Goberno central. Dado que todas estas taxas cubren servizos prestados polo persoal do Concello o se imputa o incremento do coste do salarial.



ORA ▼

Os importes da ORA, implementada no 2012 nas fronteiras das praias de Santa Cristina, Bastiagueiro, Santa Cruz, Naval e Mera para fomentar a rotación de vehículos e a redución de uso do coche privado, están sen actualizar desde durante este 12 anos, nos que o incremento do IPC foi dun 25,2%. Os incrementos aprobados son en todos os casos inferiores a esa porcentaxe, sendo tamén inferior o que se paga respecto, por exemplo, á cidade da Coruña.

• 1 hora.....	0,70 €
• 2 horas.....	1,50 €
• 3 horas.....	2,50 €
• 4 horas.....	3,50 €
• 1 día (máximo).....	5,50 €
• Anular sanción antes dunha hora.....	3,00 €
• Anular sanción dentro do mesmo día.....	8,00 €

Tamén foi aprobada a posibilidade de fraccionar ou aprazar os pagamentos, sempre e cando se solicite no período voluntario de pago e se realice o abono corresponde dentro do exercicio económico.

O Concello coopera na recuperación dos campamentos saharauís arrasados polas chuvias

◆ Os campamentos no deserto nos que a poboación saharauí reside desde 1975 tras a ocupación ilegal da súa terra por Marrocos sufriron o pasado mes de setembro un episodio de fortísimas choivas torrenciais. A dureza meteorolóxica xunto coa vulnerabilidade das construcións saharauís provocaron o derrubamento de numerosas edificacións que afectaron a 3.000 persoas.

A situación actual é crítica, pois moitas familias perderon os seus fogares e os recursos básicos escasean aínda máis do que vén sendo habitual entre a poboación refuxiada. Ademais, centros educativos e instalacións sanitarias quedaron gravemente danadas. Aínda que o campamento máis afectado foi o de Dajla, o desastre esténdese por todos os asentamentos.

Para colaborar co chamamento realizado pola Media Lúa Vermella Saharaui e o Ministerio de Cooperación da RASD, o Concello de Oleiros destinará 5.000 euros que se enviarán a través do Fondo Galego de Cooperación e solidariedade.



● CONTA SOLIDARIA


Calquera cidadán pode colaborar coa reconstrución dos campamentos de refuxiados saharauís a través da conta solidaria do Concello. Para facer o ingreso o número é o **ES12-2080-0064-9830-4001-1138**.

O Goberno municipal participará no evento internacional de mulleres políticas locais ▼

◆ A concelleira de cooperación, Marga Figueroa, participará no evento **As elixidas**, que reunirá na Coruña a mulleres electas galegas do ámbito local e outras dos países do Sur Global para intercambiar experiencias e suliñar o papel das mulleres na toma de decisións e nas dificultades que se lles presentan polo simple feito de ser mulleres.

Este proxecto do Fondo Galego de Cooperación, dirixido a mulleres con responsabilidade política local, quere impulsar novos espazos de diálogo e de cooperación para potenciar a participación política das mulleres, xerando un sentido de pertenza e traballo en común que faciliten a cooperación horizontal entre mulleres galegas e outras de Cabo Verde e Mozambique.

Os puntos violetas sensibilizaron a 1.211 persoas nas festas ▼



◆ O Concello, en colaboración coas comisións de festas, instalou puntos violetas en todas as festas que se celebraron no municipio durante a primavera e o verán. Cubríronse 28 verbenas e festas en horario de 23:00 a 3:00 horas -agás no caso dos 5 días das festas de Santa Cruz que o horario foi ampliado ata as 3:30 horas- e atendéronse a 1.211 persoas, 768 mulleres e 443 homes.

Os Puntos Violeta forman parte das políticas do Concello de Oleiros de prevención e loita contra as violencias sexuais, LGTBfóbicas e demais violencias machistas. Son puntos de atención a vítimas de agresión sexual, LGTBfóbica e calquera outro tipo de agresión machista que contan cun equipo de expertas profesionais na materia e ofrecen acompañamento psicolóxico. Ademais, dan información sobre os recursos municipais na materia e realizan sensibilización.

Sumando vida aos anos ▼

■ *A través dos programas de envellecemento activo do Concello, un total de 705 persoas maiores de 65 anos participan nun amplo abano de actividades dirixidas a mellorar a condición física, social e cognitiva. Hai 47 grupos, distribuídos por todas as localidades.*



Obradoiros de memoria

Unha sesión semanal de case 2 horas cun dobre obxectivo: adestramento cognitivo e transmisión de coñecementos á comunidade.



Desde os obradoiros de memoria coordínanse e dinamízanse varios proxectos paralelos:

- **Equipos de investigación:** formados polas persoas participantes en cada grupo que se ocupan de recoller documentación da memoria histórica, fotografías, anécdotas, lendas, vivencias, revisións bibliográficas...
- **Cociña e barro:** grupo que traballa na transmisión e recuperación da experiencia e coñecementos relacionados co mundo do barro.
- **Proxecto interxeracional:** actividade desenvolvida nos centros de primaria, na que os grupos de maiores trasladan aos máis pequenos, nas propias aulas, os seus coñecementos. Neste ano continuarase cos talleres "As herbas" onde se transmiten os coñecementos das herbas, usos, identificación, tradición...e aprendizaxe de técnicas de transferencias de herbas en barro.
- **Os nome de Oleiros:** proxecto iniciado no 2022 recollendo a información de 94 topónimos a través do contacto coa veciñanza. Neste curso volverase avanzar neste traballo.



Obradoiros de ximnasia

Constan de dúas sesións semanais onde se realizan exercicios de equilibrio, coordinación, axilidade, flexibilidade, forza, resistencia e velocidade...dirixidos a manter unha condición física que proporcione autonomía na vida diaria.



Obradoiros de ioga e relaxación

Obradoiros dunha clase semanal con exercicios de preparación corporal, posturas de ioga, exercicios respiratorios, expresión corporal, flexibilidade, eliminación de tensións... co obxectivo de manter o necesario equilibrio e un maior autocoñecemento do corpo.

OUTRAS ACTIVIDADES ▼

Son moitas outras as actividades vencelladas ao envellecemento activo para maiores de 65 anos que organiza o Concello ao longo do ano. É o caso do programa de **excursionismo e sendeirismo Ven e Descubre, a Romaría das Merendiñas, os cursos de alfabetización dixital...**



As Bibliotecas do Concello reciben o premio á innovación bibliotecaria de Galicia ▼

♦ A Xunta de Galicia concedeu o Premio á innovación bibliotecaria de Galicia 2024, na categoría de concellos de máis de 10.000 habitantes, ao Concello de Oleiros polo proxecto “Ler para saber: a ciencia” que se desenvolve na Biblioteca Rialda. Este é un proxecto organizado polo Concello xunto co CEIP Valle Inclán, que coordina todas as actividades a través da profesora Fina Mosquera.

O programa consiste en charlas e obradoiros de divulgación científica dirixidos a todos os públicos maiores de 10 anos. Os distintos ponentes fan uns relatos de forma sinxela e comprensible para que as persoas asistentes poidan asimilar os conceptos e ideas básicas sobre a temática tratada, aprendendo diversos coñecementos e conceptos importantes.

Ademais da colaboración dos ponentes, que participan nesta actividade de forma altruísta e gratuíta é imprescindible a implicación do profesorado, alumnado e pais e nais de alumnos do CEIP Valle Inclán, así como profesorado da Universidade da Coruña e de educación secundaria de diversos institutos, diversos profesionais e expertos como enxeñeiros, científicos de misións planetarias, médicos, arquitectos, nutricionistas, veterinarios, informáticos, biólogos, membros de diversas asociacións como Greenpeace, Asociación Micolóxica Coruñesa, técnicos dos Museos Científicos Coruñeses,...



Foto: Germán Barreiros

Un novo obradoiro de emprego permitirá a contratación de 20 oleirenses en desemprego

♦ Un total de 20 veciños e veciñas de Oleiros en situación de desemprego poderán formarse en carpintería e xardinería a partir do mes de decembro, durante 9 meses, percibindo un salario de 1.134 euros, máis as pagas extras. Ademais, tras finalizar a formación, terán un contrato nunha empresa por un prazo mínimo de 3 meses.

Será a través dun novo obradoiro de emprego que comeza en decembro para o que o Concello recibe 411.928 euros da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia. A achega municipal será de 39.987,15 euros.

Con este novo obradoiro, ademais de formar as 20 persoas participantes, procederase a diversos traballos de mantemento e mellora de xardinería e carpintería en distintos espazos públicos.



Cursos de formación para veciños e veciñas en paro ▼

♦ O Centro Municipal de Formación vai ofertar a partir do mes de novembro cursos formativos de cociña, atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio, socorrismo en espazos acuáticos naturais, actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros xardinería e competencias clave nivel 2 para certificados de profesionalidade con idioma galego.

Para poder participar nos cursos e informarse, as persoas interesadas deben contactar co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, no enderezo rúa Os Regos 24, no teléfono 981 610 319, ou a través do correo electrónico cmf@oleiros.org.

O Castelo de Santa Cruz recibe a máis de 20.000 persoas ▼



♦ Entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto de 2024 máis de 20.112 persoas visitaron as exposicións sitas no castelo de Santa Cruz consolidando así un espazo senlleiro para a veciñanza e visitantes. Pola súa parte, O Museo Os Oleiros recibiu no mesmo período a 3.207 persoas.

Atlético San Pedro e Xuventude de Dorneda, campións do trofeo municipal de fútbol ▼



◆ Cunha elevada afluencia de público, o campo de fútbol municipal Nano García de Iñás albergou as finais do Trofeo Concello de Oleiros que enfrontaron a Atlético San Pedro e Unión Campestre de Montrove en categoría feminina e a Xuventude de Dorneda e Santa Cruz en masculina. En mulleres, o San Pedro venceu ao Montrove por 5-0, con goles de Alba (4) e María. En homes o Xuventude de Dorneda derrotou ao Santa Cruz por 2-1, os goleadores foron Luis e Gurdriel para o Dorneda e Montes para o Santa Cruz.

Nas dúas categorías desta competición participaron un total de 13 equipos. O Concello repartiu entre todos os clubs 14.458 euros en premios.

Extraordinaria tempada de Alicia de los Palos ▼



◆ A xogadora de rugby oleirense completou unha inmemorable tempada acadando o sub-campionato da Liga Iberdrola (primeira división española) e da Copa da Raíña. Tamén foi campioa de España coa selección galega m19.

Ascenso á Liga Endesa de Sabela García ▼



◆ A xogadora de baloncesto oleirense, que milita no Oses Construcciones Ardoi de Navarra, ascendeu á primeira división do baloncesto en España. Esta tempada fichou polo Club Baloncesto Feminino de León.

Año para enmarcar de Sara Carreira ▼



◆ A nadadora do Seixo destacou no Campionato de España de natación alevín acadando unha medalla de bronce nos 100 metros mariposa e un cuarto posto nos 200 metros da mesma especialidade. Previamente, nos campionatos galegos, logrou oito medallas de ouro e dúas de prata en diferentes distancias, batendo a mellor marca galega en 50 e 100 metros mariposa.

Ascenso á máxima categoría do remo



◆ Os veciños de Mera Santiago García, José Manuel Peláez Pendo e Lucas Otero proclamáronse campións da Liga Galega de traíñeiras logo de gañar todas as regatas disputadas durante a tempada, agás unha. Posteriormente, acadaron tamén en Euskadi o ascenso á primeira división do remo estatal, a Liga ACT de traíñeiras.

Novas medallas para Marta Fernández ▼



◆ A sobresaínte atleta de Santa Cruz proclamouse campioa galega de lanzamento de peso e de 200 metros lisos. Tamén foi subcampioa de 100 metros lisos.

Bronce para Anxo Bascoy no Campionato Galego



◆ O prometedor atleta oleirense destacou no Campionato Galego sub-16 acadando o terceiro posto na proba de triplo salto. Fixo unha marca de 11,34 metros.



◀ A Feira do mel, o domingo 3 de novembro en Perillo



■ A XXXIV edición da Feira do Mel celébrase o 3 de novembro baixo a cuberta da pista polideportiva da avenida da II República. O horario será de 10.00 a 15.00 horas.

◆ Un total de 41 apicultores galegos virán a Oleiros a expoñer e vender os seus produtos. As persoas que se acheguen a esta feira poderán coñecer e adquirir todo tipo de alimentos e artigos relacionados co mel, desde os máis tradicionais ata produtos de beleza e coidado corporal. Ademais, a Big Band da Escola Municipal de Música de Oleiros (ás 13:00 horas) amenizará a xornada coa súa música.

Con esta feira, única en toda Galicia, o Concello de Oleiros pretende apoiar a un sector produtivo que sofre a constante ameaza da globalización, dos novos costumes alimentarios e nos últimos anos tamén da avespa velutina.

Outro nadal de diversión ▶

■ Pista de xeo en Perillo e atraccións en Santa Cruz

◆ Igual que en anos anteriores, o Concello abrirá no mes de decembro a pista de xeo na polideportiva da avenida da II República e diversas atraccións infantís na praza Esther Pita. O horario será principalmente de tarde.

O acceso á pista de xeo custará 6 euros por media hora e inclúe o aluguer dos patíns. Cada viaxe nas atraccións terá un custo de 3 euros.

Antes das vacacións de nadal, o Concello levará polas mañás o alumnado dos colexios públicos de primaria á pista de xeo. Será unha actividade que financiará o Concello na súa totalidade e da que se beneficiarán 1.500 nenos e nenas.



Cambio de ubicación das festas de Santa Cruz ▼

◆ O Goberno municipal mantivo recentemente dúas reunións coa Comisión de festas de Santa Cruz para valorar o resultado das pasadas festas de agosto e analizar de forma conxunta melloras futuras. Entre outros asuntos, debido á imposibilidade de utilizar a parcela privada anexa á praza de Esther Pita, a festa vai ter que ser trasladada a outra ubicación.


O alcalde propuxo á directiva da comisión desprazar a festa ás inmediacións da rúa do Saber, nas Babilonias, tras o colexio de Santa Cruz. O Concello vai pasar a ser propietario dunha importante extensión de terreo nesa zona, ata o de agora parcelas privadas, a través do desenvolvemento urbanístico dese ámbito.

CONTRA O RACISMO
POLA DIVERSIDADE ▶



PRAEMO, clases de apoio para escolares en centros municipais ▼

■ O Concello organiza un curso máis o programa de reforzo e apoio educativo dirixido ao alumnado de primaria e secundaria do concello. As clases terán lugar no Centro Cívico de Santa Cruz, a Casa da Cultura de Perillo, a Casa do pobo de Nós e o local social da Lagoa de Mera.



◆ Os obxectivos do PRAEMO son previr o fracaso escolar, reducir e previr o absentismo, apoiar ás familias fóra dos horarios propiamente lectivos, apoiar ao alumnado no avance e desenvolvemento dos seus estudos, promover hábitos e técnicas de estudo e reforzar as aprendizaxes realizadas nas escolas e institutos.

Información e inscricións na Fábrica ou a través do teléfono 981 610 000.

Premio Literario Descubrindo OLEIROS ▼



◆ O Concello volve convocar o Premio Literario Descubrindo Oleiros. Unha proposta que busca poñer en común promover a lingua e dar a coñecer o municipio, a súa historia e o seu territorio.

Este premio está orientado a todos os rapaces e rapazas desde 3º de primaria ata persoas adultas, establecéndose seis categorías diferentes, atendendo á idade das persoas participantes. Os relatos estarán ambientados necesariamente en Oleiros e escritos en lingua galega.

As persoas interesadas poderán consultar as bases e o formulario de participación proximamente a través da páxina web do Concello.



Novas excursións para persoas con diversidade funcional

◆ Para garantir o dereito ao ocio das persoas con diversidade funcional, o Concello continuará a organizar o programa **Findes de lecer**. Serán varias actividades de convivencia, incluídas dúas saídas de fin de semana; unha en xuño e outra en outubro. As persoas interesadas en participar poderán apuntarse proximamente a través da web municipal.

Próximas actividades infantís do programa Apego

● Danzacontos: **Viaxando con andoriñas: ritmos na selva**, de Laura Martínez
9 de novembro, 17.00 e 18.00 h, na Fábrica
Para nenas e nenos menores de 3 anos

● Teatro: **O Rato Pérez**, da Xanela do Maxín
16 de novembro, 18.30 h, na Fábrica
Para nenas e nenos maiores de 3 anos

● Teatro: **Garavanciño**, de Bea Campos
24 de novembro, 11.30 e 12.30 h, na Fábrica
Para nenas e nenos maiores de 1 ano

● Concerto: **Chuches Amil**
14 de decembro, 18.00 h, na Fábrica
Para nenas e nenos de 3 a 6 anos



Inscricións na web municipal desde o luns anterior á celebración de cada evento

Para formar parte do programa Apego as persoas interesadas deben dirixirse ao Servizo de Normalización Lingüística, a través do correo lingua@oleiros.org.

Contacontos e actividades infantís en todas as bibliotecas municipais ▼

♦ Continúa a programación de contacontos, concertos e maxia dirixidos a crianzas maiores de 2 anos e obradoiros para maiores de 6 anos. Para participar nas actividades é imprescindible reservar praza previamente en cada biblioteca ou ben chamando por teléfono desde 10 días antes da data da realización da actividade. As sesións de contacontos e concertos terán lugar ás 18:30 horas e os obradoiros ás 17:30 horas nos días indicados.

• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO ☎ 981 639 511

NOVEMBRO:

- **Día 7:** *Maxia ou Ciencia* con **Ciencia kids** (+ 6 anos)
- **Día 14:** *A festa de Leo canto* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 4 anos)
- **Día 21:** *O caracol namorado* con **Trinketrinke** (+ 5 anos)
- **Día 28:** *O xogo de Nano* con **Raquel Quizás** (entre 2 e 4 anos)

• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ ☎ 981 626 338

NOVEMBRO:

- **Día 6:** *O mundo ao revés* con **Trémola Teatro** (+ 5 anos)
- **Día 13:** *O reloxo de risa* con **Charo Pita** (entre 2 e 4 anos)
- **Día 20:** *Obradoiro Coas mans na masa* con **OOO** (+ 6 anos)
- **Día 24:** *Que comen as bruxas?* con **Pavís Pavós** (+ 5 anos)

• BIBLIOTECA M^a JOSÉ TRINCADO. MERA ☎ 981 628 507

NOVEMBRO:

- **Día 8:** *Obradoiro Diversimonstros* con **Anxo Fariña** (+ 6 anos)
- **Día 22:** *Bos días Leo* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 4 anos)

• BIBLIOTECA M^a JOSÉ RUSO. DORNEDA ☎ 981 626 638

NOVEMBRO:

- **Día 11:** *Contos que dan medo* con **Pavís Pavós** (+ 5 anos)
- **Día 25:** *Os ratiños da caixa* con **Trinketrinke** (entre 2 e 4 anos)

• BIBLIOTECA ÁNXEL FOLE. NÓS ☎ 981 664 257

NOVEMBRO:

- **Día 15:** *PequeNiños* con **Chus Álvarez** (entre 2 e 4 anos)
- **Día 29:** *O rato ilustrador* con **Trinketrinke** (entre 2 e 4 anos)

• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS ☎ 981 610 700

NOVEMBRO:

- **Día 12:** *Contos de cores* con **Ramiro Neira** (+ 5 anos)
- **Día 26:** *Pipo, o paxaro que non sabía voar* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 4 anos)

• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ ☎ 981 618 201

NOVEMBRO:

- **Día 7:** *Sopa de pedra* con **Charo Pita** (+ 5 anos)
- **Día 21:** *Sabela e o paxaro máxico* con **Tarabelos Teatro** (entre 2 e 4 anos)

Charlas científicas na Biblioteca Rialeda

♦ A Biblioteca Central Rialeda segue a albergar charlas do programa **Ler para Saber: A CIENCIA**, charlas de divulgación científica dirixidas a público en xeral a partir de 10 anos.

O 8 novembro (18:30 horas) terá lugar unha das charlas impartidas por Ana González Tizón (Profesora da Universidade da Coruña no Departamento de Bioloxía), **"ISABEL ZENDAL E A EXPEDICIÓN BALMIS"** que tratará sobre a expedición que levou a vacina da varíola a América no século XIX.

O 13 de decembro será Carmen Rodríguez (Graduada en Bioloxía e Química, estudante de doutoramento na UDC) quen peche o programa con **"LIMPAR DE ANTIBIÓTICOS O MEDIO AMBIENTE"**. Unha charla sobre os antibióticos que se lle dan aos animais e o seu impacto na agricultura.

Ler para saber A CIENCIA



Clubs de lectura e tertulias literarias nas bibliotecas municipais ▼

♦ Os Clubs de lectura e as tertulias están dirixidas a maiores de 18 anos e neles realízase o comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa contemporánea, pero tamén se lerá poesía, teatro e ensaio, nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura.

Hai grupos nas bibliotecas Rialeda, María José Trincado de Mera, Manuel María de Oleiros e Rosalía de Castro de Santa Cruz. É posible consultar máis información e apuntarse nas propias bibliotecas ou a través da web municipal.



Cultura de calidade para todas e todos

■ A ampla programación cultural de outono faranos gozar de teatro, concertos, saídas culturais e moito máis. As entradas anticipadas para os espectáculos teatrais no Auditorio Gabriel García Márquez (Mera) poderán adquirirse a través da billeteira electrónica ou na billeteira do auditorio unha hora antes do comezo de cada un dos espectáculos.

DANZA

Blues de media noite

● **Sábado 9 de novembro**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Blues de Medianoite entra, a ritmo de blues, no misterio e a sensualidade da noite, achegándonos ás raíces negras no movemento e na música, nunha viaxe no tren clandestino que conduce á liberdade. Pon en valor o noso Blues. É un espectáculo multi-disciplinar (danza, música e teatro) que transita entre o formato escénico e formato concerto.



MÚSICA

Eu, Fraude!

● **Sábado 23 de novembro**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

“Eu, Fraude” é o lugar de encontro entre a poesía, a canción e o escénico que nos impulsa, en forma de viaxe emocional e con visión positiva e esperanzadora, a liberarnos das caretas autoimpostas pola sociedade que nos separan de nós mesmas e das demais. É, claramente, unha historia de amor propio en forma de festa. Cancións, poemas e textos de composición orixinal conforman un espectáculo co que presentarse con frescura e singularidade dentro do sistema teatral galego.



TEATRO

Deadpan Karaoke

● **Sábado 16 de novembro**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Deadpan Karaoke é un espectáculo unipersonal de carácter participativo que propón como ingredientes principais o absurdo, a estupidez, a sorpresa, a comedia, a música e o cine, todo enmarcado nun espazo que transite do real ao onírico cunha clara ambición plástica e que capture o carácter sublime do amor a través de momentos de gran beleza.




TEATRO

Frío

● **Sábado 30 de novembro**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Quen sabe exactamente que é o que vai facer cada día durante o resto da súa vida non alberga grandes temores nin demasiadas esperanzas. Akaki podería xurar que o seu porvir está escrito con tinta esluída en liñas nidias e rectas, confía nos trazos seguros e firmes da rutina que o protexe dos grandes males e das alegrías inesperadas. Ata que un insignificante suceso doméstico introduce unha luz brillante no clarescuro: nace a necesidade e, como expresión máis elaborada desta, o desexo. Frío é un espectáculo de teatro físico, máscaras e música en directo baseado na extraordinaria obra de Nikolái Gógol, *O abrigo*.



Billeteira electrónica: www.giglon.com

Concerto de Corais ▶ de Nadal o 15 de decembro no auditorio Gabriel García Márquez

◆ O domingo **15 de decembro ás 19:30 horas** no Auditorio Gabriel García Márquez terá lugar o tradicional concerto de nadal de corais. A entrada é libre ata completar a capacidade da sala. Actuarán as corais Airiños de Nós, Lembranza de Santa Cruz, Coro de Oleiros e Polifónica de Mera.



A Fábrica continúa a acoller diferentes exposicións ▼

◆ As exposicións de obras pictóricas, escultóricas, fotográficas ou doutros estilos artísticos permanecerán abertas ao público na Fábrica (Perillo) durante aproximadamente dúas semanas para seguir adiante no empeño de difundir a cultura en todos os eidos e asemade incidir no desenvolvemento da educación artística dos nosos veciños e veciñas. A próximas serán as de **Miguel Golmayo, do 13 ao 27 de novembro** e de **Rafael Pazos do 4 ao 19 de decembro**.

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Volve o pior de Vázquez

Hai algúns días escoitei nese programa estupendo de Radio Coruña que é A Coruña opina, que o concelleiro coruñés do ramo estaba incómodo porque a xente da comarca échelles as rúas de coches. Que eles non teñen problemas de mobilidade e que o exceso de coches nas rúas e prazas da cidade non están provocados polo seu escaso compromiso coa mobilidade sostible, senón polos vehículos que entran de Oleiros, Cambre, Culleredo ou Arteixo. Dixo algo así como que “la gente quiere vivir en casitas con jardín y piscina y nos llena las calles de la curuña de coches, porque los curuñeses nos movemos sobre todo andando y en bus”.

Válgame Deus pola intelixencia do santiño e a profundidade deste pensamento radiofónico, que parece sacado dos piores anos de Paco Vázquez, de quen debe ser orgulloso herdeiro. Sei de moitos coruñeses que veñen no seu coche ás praias de Oleiros, ao aeroporto de Culleredo, a currar a Bergondo, ao Espírito Santo, a Alvedro, a Sabón e moi pronto a Morás, a mercar por aquí o seu novo coche ou a gozar da súa segunda residencia aos milleiros de casañas que fóron construíndo cos aforros da súa vida, perto da cidade.

O máis grave é que ese espírito estreito e aillacionista tipo Curuña Curuña Curuña, tan de contratempo, queima moitísimas enerxías que debíamos estar empregando en construír unha Coruña realmente grande, importante, metropolitana, xusta, consciente de que o seu dinamismo e fortaleza non colle nos estreitos límites do seu termo municipal.

Alexo Díaz - Perillo

O pan é a vida

Que otorgasen a unha panadaría de Lorbé unha estrela que o acredita entre os 50 mellores panadeiros de España é un enorme recoñecemento que nos fai pensar na sorte que temos de vivir rodeados de grandes pequenas cousas como o pan de calidade do que podemos disfrutar non só en Lorbé, senón nas outras moitas panadarías de referencia en todo Oleiros. O pan ven de ser un alimento primario e sinxelo, básico nos tempos de escasez, símbolo de toda a alimentación que tiñamos á man e incluso un protagonista bíblico de gran importancia.

Nestes tempos, as panadarías elaboran e ofrecen unha cada vez máis sofisticada e variada carta de produtos que nos acompañan na nosa vida diaria xa non só para alimentarnos, senón para proporcionarnos

ese pracer sinxelo e cotián de apreciar o que comemos coa táboa calórica nunha man e o manual de estilo na outra.

Máis aló da estética e a nutrición, o pan, este tipo de pan, tamén é cultura da proximidade, economía circular (que aínda sería máis circular se este país fose capaz de cultivar e procesar o seu propio cereal, que hoxe importamos). Pero alomenos a partir da fariña, todo o demáis é o valor do forno, do saber facer de panadeiras e panadeiros, da variada oferta das panadarías, do seu posicionamento diante dos consumidores e da sabedoría e a innovación que levan dentro todas esas pezas que nacen dunha sinxela combinación de elementos básicos.

Só quería deixar constancia da miña inmensa ledicia por vivir nesta terra de grandes panaderías, que tanta vida, tanto valor e tanta enerxía nos aportan diariamente.

Fina Bernárdez - Lorbé

Galego emparedado

Agora bótanse todos as mans á cachola, facendo piruetas retóricas para eximirse de culpas ante os resultados da enquisa que constata o que podemos palpar cada día: o galego perde mercado. Os da dereita, co seu manto de harmonía, con esa cara de “eu non fun”, coa súa escasa ambición, coas súas medidas militantes contra o galego como rebaixar a súa presenza no ensino, enfocar a TVG aos públicos de maior idade, eliminar o Xabarán Club e descoidar o seu papel na educación infantil, creando comunidades de valor cara ao idioma. Os seus brazos caídos no ámbito do consumo, da vida cotián, con medidas mornas e pouco eficaces, dan como resultado que Tanxugueiras fixeran máis polo galego nun par de semanas que a Xunta nas últimas décadas.

Pero non podemos esquecer a outra parte da xogada... os salvapatrias de coitelo na boca en guerra contra todo o que use o español, sempre tan lonxe da empatía e persuasión que o galego tanto necesita. E o xeito de incorporar á educación unha lingua con problemas de normativa, equiparándoa a outra que xa ten esas asignaturas moi superadas, creando na comunidade un atranco máis para querer e identificarse co idioma: o medo a usalo mal. Menos rixideces, menos mister propper, menos man dura, máis intelixencia e máis amor para a nosa lingua. Para que nos acompañe sempre e para dicirlle a Cunqueiro: Aquí están, Mestre: as mil primaveras que nos pide desde o seu venerable cadaleito.

María Sueiro González- Nós

Vivenda? Digna? Para tod@s?

Alugar unha vivenda, e xa non digamos mercala, é unha tarefa imposible e impensable para a maior parte da xente moza que, malia ter rematados os estudos, un traballo máis ou menos estable cun salario (considerado digno) ven mermada a súa capacidade económica para adquirir ou alugar unha vivenda e comezar un proxecto de vida.

A emerxencia habitacional que afecta ás rendas máis baixas, á xuventude e agora tamén ás rendas medias é cada vez maior sen que os gobernos de turno, tanto do país como das comunidades autónomas, fagan nada ao respecto; só promesas electoralistas e propagandísticas que nos edulcoran os oídos pero nos deixan os petos baleiros!

A vivenda converteuse nun activo financeiro que choca de cheo coa súa condición de ben de primeira necesidade, tal e como recolle o artigo 47 da Constitución Española onde se manifesta que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada atribuíndo aos poderes públicos a obriga de promover as condicións precisas para facer efectivo ese dereito.

Lamentablemente, todos os días vemos na prensa que a vivenda se converteu nun luxo; un ben de primeira necesidade que leva o máis do 50% do soldo do mes relegando ás familias a situacións de grave vulnerabilidade. Compartir piso/casa é xa unha necesidade para moitas familias e xóvenes que non chegan a fin de mes. Na actualidade o 66% das persoas entre 18 e 34 anos en España seguen no fogar familiar, fronte ao 50% do ano 2010, por exemplo... un aumento máis que significativo e preocupante.

Hai uns días víamos como milleiros de persoas se manifestaban polo dereito a unha vivenda digna, polo aumento do prezo da vivenda, alugueiros, pola especulación xerada en torno á vivenda que se converteu no nicho de mercado máis lucrativo para a banca, grandes corporacións, empresas e rentistas...

Queremos vivenda digna, a prezos razoables! É urxente que as diferentes administracións cooperen de maneira que se mobilice o solo necesario e os recursos económicos precisos destinados a construír vivenda social, preferentemente de aluguer; ademais de aplicar os topes aos alugueres previstos na Lei de Vivenda e realizar intervencións sobre o parque de vivenda xa existente para que poida ter uso residencial a un prezo razoable.

Indignada

Teléfono do Veciño
 Toda a información de 8 da mañá
 a 8 da tarde ininterrompidamente
981 610 000

Concello de Oleiros	981 610 000
Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades	
Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos	
CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	881 880 801
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas	
Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	16 novembro / 15 decembro / 14 xaneiro
Mingua	23 novembro / 22 decembro / 21 xaneiro
Nova	1 novembro / 1 decembro / 30 decembro
Medra	8 novembro / 8 decembro / 6 xaneiro



Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO



39.032
 habitantes
 empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 24 de outubro

DEXO (Santa María)	1.480
DORNEDA (San Martiño)	3.787
IÑÁS (San Xurxo)	1.312
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.397
MAIANCA (San Cosme)	1.735
NÓS (San Pedro)	5.037
OLEIROS (Santa María)	3.358
PERILLO (Santa Leocadia)	9.245
SERANTES (San Xulián)	1.681

TOTAL 39.032

En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro
 981 187 200

Estación autobuses A Coruña
 981 184 335

Estación FFCC San Cristovo
 902 432 343

LORBÉ ■ O BURGO

2652

> SAÍDAS

Cal Pita - Eliseo Pita

REGRESOS <

LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

FARMACIAS DE GARDA	Datas
■ OS REGOS • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4	Do 2 ao 8 de novembro
■ SANTA CRUZ • Rúa Viñas de Babilonia, 10	Do 9 ao 15 de novembro
■ PERILLO • Avda. Ernesto Che Guevara, 16	Do 16 ao 22 de novembro
■ LORBÉ • Rúa Golfiño, 117-A	Do 23 ao 29 de novembro
■ IÑÁS • Avda das Mariñas, 54, Parque Oleiros	Do 30 de novembro ao 6 de decembro
■ PERILLO • Rúa Areal, 17	Do 7 ao 13 de decembro
■ OLEIROS • Camilo Díaz Baliño, 1	Do 14 ao 20 de decembro
■ MERA • Praza de Miramar, 4	Do 21 ao 27 de decembro
■ PERILLO • Avda. Rosalía de Castro, 247	Do 28 ao 3 de xaneiro
■ NÓS • Avda. das Mariñas, 247	Do 4 ao 10 de xaneiro
■ SANTA CRUZ • Francisco Comesaña 4-6	Do 11 ao 17 de xaneiro
■ ARILLO • Avda. República Arxentina, 106	Do 18 ao 24 de xaneiro

HEROES INTERNACIONAIS ▼

As e os deportistas oleirenses acadan numerosas medallas en campionatos mundiais e europeos



Ciclismo

DAMIÁN RAMOS

- Medalla de bronce nos Xogos Olímpicos de París en contrarreloxo individual C4.



Marcha nódica

ALBERTO FIDALGO

- Subcampión do mundo e campión de Europa.



Patinaxe artística

LUCAS YÁÑEZ

- Medalla de bronce no Campionato do mundo e no Campionato de Europa.



Monopatín

JULIA BENEDETTI

- 17ª clasificada nos Xogos Olímpicos de París na modalidade de park.



Surf

CRISTINA DE LLANO

- Campioa de Europa por equipos.



Baile deportivo

ANTÍA OGANDO

- Campioa de Europa de danza coreográfica.



Atletismo

CHRISTIAN DANIS

- Dobre subcampión de Europa de policías e bombeiros, en 800 e 5000 metros. (Policía Local de Oleiros)



Patinaxe de velocidade

MANU TAIBO

- Subcampión de Europa.



Patinaxe de velocidade

RAÚL COUTO

- Triple medallista de bronce no Campionato de Europa.



Patinaxe de velocidade

ANDREA BOEDO

- Medalla de bronce no Campionato de Europa.



Patinaxe artística

OLIVIA REY

- Cuarta clasificada no Campionato de Europa.



Triatlón

ANDRÉS PRIETO

- 8º clasificado na Copa de Europa.